

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008. Non obstante, o disposto no punto dous do artigo único deste real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**22533** *REAL DECRETO 1696/2007, do 14 de decembro, polo que se regulan os recoñecementos médicos de embarque marítimo.* («BOE» 313, do 31-12-2007.)

No sector laboral marítimo-pesqueiro as condicións de traballo en que os traballadores realizan a súa actividade supuxeron, desde sempre, un factor adverso para a súa saúde. Factores configuradores da actividade marítima tales como o traballo en plataformas móbiles e espazos reducidos, a exposición a condicións físico-ambientais desfavorables, a existencia de elevadas cargas físicas, o illamento social e familiar, o afastamento de centros sanitarios asistenciais, entre outros, determinaron a necesidade de establecer medidas de prevención e protección da saúde dos traballadores embarcados.

Co fin de protexer a saúde dos traballadores do mar, a Orde da Presidencia do Goberno do 1 de marzo de 1973, considerando os principios emanados dos convenios da Organización Internacional do Traballo números 16, sobre exame médico dos menores; 73, sobre exame médico da xente de mar e 113, sobre exame médico dos pescadores, atribúe a realización dos recoñecementos médicos de aptitude para enrolarse en barcos de pesca ou mercantes aos servizos sanitarios do Instituto Social da Mariña.

Os recoñecementos médicos veunos realizando o Instituto Social da Mariña, en virtude da atribución efectuada por diferentes disposicións ao longo dos anos, das que cabe destacar a actualmente vixente, constituída polo Real decreto 1414/1981, do 3 de xullo, polo que se reestrutura ese organismo, en cuxo artigo 2, punto quinto, se dispón esa atribución, que foi reafirmada na disposición adicional sexta do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención de riscos laborais e que quedou reservada ao ámbito da Administración xeral do Estado nos sucesivos procesos de traspaso ás comunidades autónomas de competencias que, en materia de asistencia sanitaria, tiña encomendadas o Instituto Social da Mariña.

Mediante a Orde do 10 de xullo de 1984, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, en desenvolvemento

do Real decreto 2358/1982, do 27 de agosto, que establece a estrutura orgánica do Instituto Social da Mariña, créase o Servizo de Medicina Marítima, con denominación actual de Servizo de Sanidade Marítima, en virtude do Acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 1987. Os facultativos adscritos a este servizo viñeron realizando desde esa data os recoñecementos médicos previos ao embarque, como exixencia previa ao enrolamento dos mariñeiros, co propósito de detectar calquera enfermidade que poida presentar o traballador e agravarse especialmente co traballo no mar ou que supoña un risco para o resto da tripulación ou da pasaxe.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece que as administracións públicas desenvolverán, entre outras, actuacións en materia de protección, promoción e mellora da saúde laboral. No ámbito da saúde laboral, a actuación sanitaria deberá comprender, entre outros aspectos, a vixilancia da saúde dos traballadores para detectar precozmente e individualizar os factores de risco e deterioración que poidan afectar a súa saúde.

Así mesmo, a práctica dos recoñecementos médicos de embarque marítimo debe entenderse como unha actividade dentro do ámbito preventivo dos riscos laborais similar aos exames de saúde recollidos no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Por tanto, dado o carácter obrigatorio do recoñecemento médico de embarque marítimo e a competencia do Instituto Social da Mariña na súa realización, este real decreto vén resolver a duplicidade de actuacións que podería presentarse entre o recoñecemento médico de embarque marítimo e o previsto no artigo 22 da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro, sen prexuízo de cantas outras responsabilidades lle competen ao empresario.

Por outra banda, conforme a Orde do 18 de xaneiro de 2000, do Ministerio de Fomento, que aproba o Regulamento sobre despacho de buques, a acreditación de ser declarado «apto para navegar» derivada dun recoñecemento médico previo practicado polo persoal sanitario designado polo Instituto Social da Mariña constitúe un documento para o enrolamento.

Esta normativa recolle os principios establecidos nos reais decretos 285/2002, do 22 de marzo, e 525/2002, do 14 de xuño, que incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 1999/63/CE do Consello, do 21 de xuño de 1999, relativa ao Acordo sobre a ordenación do tempo de traballo da xente de mar, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde para realizar os recoñecementos médicos periódicos e previos ao embarque, especialmente sobre requisitos mínimos, categoría e frecuencia, condicións médicas dos traballadores que deben ser consideradas para o traballo no mar e o dereito á protección da intimidade dos examinados.

En materia de tratamento dos datos de saúde, os recoñecementos médicos regulados nesta disposición axústanse ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e en materia de información e documentación, aos principios reitores recollidos na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, fortalecendo con isto o dereito á protección da saúde recoñecido pola Constitución.

Noutra orde, o traspaso ás comunidades autónomas das competencias que en materia de asistencia sanitaria viña prestando o Instituto Social da Mariña determinou a desaparición paulatina da figura do inspector médico proposto por este organismo na composición dos equi-

pos de valoración de incapacidades establecida na disposición adicional primeira do Real decreto 1300/1995, do 21 de xullo, polo que se desenvolve, en materia de incapacidades laborais do sistema da Seguridade Social, a Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social. Co fin de evitar os problemas que poidan derivar desta situación, este real decreto incorpora un procedemento de coordinación entre os compoñentes dos equipos de valoración de incapacidades e os facultativos do Instituto Social da Mariña, nos procesos de valoración e revisión de incapacidade permanente dos traballadores do mar.

Este real decreto vén configurar, por tanto, o marco xeral en que se deberán desenvolver os recoñecementos médicos de embarque co obxecto de unificar os requisitos e procedementos de exame que permitan valorar a adecuación psicofísica do traballador do mar ao posto de traballo que vai desenvolver a bordo, contribuíndo, en suma, a mellorar a saúde e a seguranza no mar.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de decembro de 2007,

## DISPÓÑO :

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular os recoñecementos médicos de aptitude preceptivos e previos ao embarque marítimo.

Estes recoñecementos terán como obxectivo garantir que as condicións psicofísicas do solicitante sexan compatibles coas características do posto de traballo e non supoñan perigo para a saúde e a seguranza do individuo nin do resto da tripulación. Esas condicións tampouco deberán pór en risco a navegación marítima.

2. Os recoñecementos médicos previstos neste real decreto entenderanse, así mesmo, realizados en cumprimento do disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e as súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo de cantas outras obrigas competan ao empresario.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación a todo cidadán español ou doutra nacionalidade que desexe exercer unha actividade profesional a bordo dun buque de bandeira española e reúna as condicións legais para traballar enrolado nel.

##### Artigo 3. *Competencia.*

O Instituto Social da Mariña será o organismo competente para a organización, a realización e o control dos recoñecementos médicos regulados neste real decreto. Estes recoñecementos terán carácter gratuíto e serán realizados polos facultativos adscritos ao Servizo de Sanidade Marítima.

## CAPÍTULO II

### Recoñecementos médicos de embarque marítimo

#### Artigo 4. *Requisitos para solicitar o recoñecemento médico de embarque marítimo.*

1. Os solicitantes que posúan a nacionalidade española deberán presentar a cartilla marítima e un documento que acredite ter superado o curso de formación básica ou equivalente de conformidade coa sección A-VI/1 do Código de formación do Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar, 1978, na súa emenda de 1995, en diante STCW-78/95.

2. Aqueles solicitantes que sexan cidadáns da Unión Europea ou dalgún Estado parte do Acordo do Espazo Económico Europeo deberán presentar o seu número de identidade de estranxeiros, pasaporte ou tarxeta de residencia e estar en posesión dun certificado de ter superado o curso de formación básica ou equivalente de conformidade coa sección A-VI/1 do Código de formación do Convenio STCW-78/95.

3. De se tratar dun cidadán dun país non previsto nos números anteriores, deberá presentar número de identidade de estranxeiros, pasaporte ou tarxeta de residencia e un permiso de traballo ou autorización equivalente e certificado de ter superado o curso de formación básica ou equivalente de conformidade coa sección A-VI/1 do Código de formación do Convenio STCW-78/95.

No caso dos estranxeiros enrolados en buques españois en virtude de acordos internacionais de pesca marítima, concederáselle validez de autorización para traballar ao duplicado da notificación de embarque ou renovación do contrato de tripulantes estranxeiros en buques españois.

4. En todo caso, o solicitante deberá ser maior de 16 anos de idade e non poderá atoparse en situación de incapacidade temporal ou baixa médica nin en período de suspensión da relación laboral por situación de risco durante o embarazo. Non constituirá impedimento para solicitalo a condición de pensionista por xubilación parcial, flexible ou incapacidade permanente total. Se o solicitante do recoñecemento médico se encontra en situación de incapacidade permanente total derivada de enfermidade profesional, deberá acreditar autorización previa da entidade xestora para desenvolver unha actividade profesional distinta daquela que constituíu o feito causante.

5. O interesado poderá solicitar o recoñecemento médico de embarque marítimo en calquera centro de sanidade marítima.

6. Para solicitar recoñecemento médico de embarque marítimo na categoría de mergullador profesional, o interesado, ademais de cumprir os requisitos recollidos nos números anteriores, deberá encontrarse en alta ou en situación asimilada á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar. Así mesmo, deberá presentar a cartilla marítima onde conste un enrolamento nos tres últimos anos e a cartilla de actividades subacuáticas.

#### Artigo 5. *Tipos de recoñecemento.*

1. Recoñecemento médico inicial: terá tal consideración o recoñecemento médico que se lle practique ao interesado por primeira vez ou cando transcorresen máis de cinco anos desde a data de realización do último recoñecemento médico de embarque marítimo.

2. Recoñecemento médico periódico: os supostos non previstos no número anterior.

#### Artigo 6. *Aptitude.*

1. Os recoñecementos médicos de embarque marítimo realizaranse axustándose aos obxectivos enunciados no artigo 1, tendo en conta as circunstancias que enmarcan as condicións psicofísicas do individuo, a idade e o ámbito de traballo.

2. Os recoñecementos médicos de embarque marítimo incluirán a anamnese e as exploracións especificadas no anexo I.

O médico recoñecedor poderá solicitar as probas clínicas complementarias, exploracións e informes de especialistas que precise, tanto para avaliar o grao de aptitude do solicitante como para efectuar a vixilancia da súa saúde en función dos protocolos sanitarios, específicos ou non determinados polo Instituto Social da Mariña.

3. Cando se trate de mergullo profesional, o recoñecemento médico de embarque en tal categoría será realizado por un facultativo de sanidade marítima habilitado para o efecto polo Instituto Social da Mariña e incluirá as exploracións que se determinen nun protocolo sanitario específico, para os traballadores expostos a ambiente hiperbárico, elaborado polo Instituto Social da Mariña.

4. Co obxecto de establecer liñas de homoxeneidade, no anexo II inclúense listaxes daqueles procesos patolóxicos e limitacións psicofísicas que deben ser considerados na valoración da aptitude a bordo. Esas listaxes teñen carácter orientativo e deberán ser periodicamente actualizadas conforme a evolución dos coñecementos e avances científicos.

5. O grao de aptitude dos solicitantes axustarase ás seguintes cualificacións:

a) Apto: recibirá tal cualificación o solicitante que, a xuízo clínico do médico recoñecedor, reúna no momento do recoñecemento as condicións sinaladas no artigo 1.

b) Apto con restricións: será declarado apto con restricións aquel solicitante que, no momento do recoñecemento, presente unha limitación psicofísica que, sen o incapacitar por completo para o traballo marítimo, o obrigue a restrinxir a súa ocupación a bordo atendendo a:

1.º Departamento do buque ou praza que vaia desempeñar a bordo.

2.º Tipo de navegación ou distancia en millas ao porto máis próximo onde se poida realizar unha evacuación sanitaria.

3.º Condicións ambientais dos caladoiros ou rutas de navegación.

4.º Outros factores de importancia a xuízo do médico recoñecedor.

No relativo ao recoñecemento médico de embarque dos mergulladores profesionais, a cualificación de «apto con restricións» farase atendendo á profundidade máxima de traballo, o tempo de estancia no medio, os equipos que se vaian empregar, a distancia ata o centro de tratamento hiperbárico máis próximo, o tipo de actividade laboral subacuática ou outros factores de importancia a xuízo do médico recoñecedor.

c) Non apto: recibirá tal cualificación o solicitante que, a xuízo do médico recoñecedor, presente no momento do recoñecemento algunha limitación ou proceso patolóxico incompatible co exercicio da súa profesión a bordo.

Así mesmo, terán tal consideración aqueles solicitantes que presenten trastornos non filiados que precisen estudo especializado para que o médico recoñecedor poida establecer a aptitude.

6. Cando no recoñecemento médico de embarque marítimo se detecte o estado de xestación da solicitante, o médico recoñecedor determinará a aptitude tendo en consideración, por unha parte, a condición biolóxica desta e, por outra, as limitacións impostas polo posto de traballo que vaia desempeñar a bordo. Se a interesada recibe a cualificación de «non apta» ou «apta con restricións», e sempre que se trate dunha tripulante en activo, o médico recoñecedor porao en coñecemento do médico responsable de iniciar o trámite para os efectos previstos no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro.

7. En cumprimento da normativa vixente en materia de traballo de menores, cando a idade do solicitante de recoñecemento médico de embarque marítimo estea comprendida entre 16 e 18 anos, non poderá realizar traballos nocturnos, o cal será consignado polo médico recoñecedor no certificado médico de aptitude de embarque.

#### Artigo 7. *Tempo de vixencia.*

1. O tempo de vixencia do recoñecemento médico será determinado en cada caso polo médico recoñecedor en función do estado de saúde do solicitante, da súa idade e da clase de traballo que vaia desempeñar, co tope máximo de validez de dous anos, agás para menores de 21 anos e maiores de 50 anos, que será dun ano.

2. Se durante o transcurso da navegación expirar a vixencia dun recoñecemento médico de embarque marítimo, este seguirá sendo válido ata a data de chegada ao próximo porto de escala onde o mariño interesado poida obter un certificado médico dun facultativo de sanidade marítima, a condición de que esta prolongación de validez non exceda os tres meses.

3. Os recoñecementos médicos de embarque marítimo para os mergulladores profesionais terán unha validez dun ano.

#### Artigo 8. *Expedición do certificado médico de aptitude para o embarque.*

1. A declaración de aptitude resultante do recoñecemento médico de embarque marítimo consignarase no certificado cuxo modelo figura no anexo III e será equiparable ao certificado médico de aptitude a que fan mención os convenios 16, 73 e 113 da Organización Internacional do Traballo e o Convenio STCW-78/95 da Organización Marítima Internacional.

A cualificación dos recoñecementos médicos de embarque marítimo de mergulladores profesionais anotarase, así mesmo, na cartilla de actividades subacuáticas do interesado.

2. Ademais do certificado médico previsto no número anterior, faráselle entrega ao interesado dun informe médico, da recepción do cal quedará constancia asinada.

#### Artigo 9. *Historias clínicas e dereito de acceso.*

1. O persoal adscrito aos centros de sanidade marítima incluirá os datos de cada recoñecemento médico de embarque marítimo nunha «Historia clínico-laboral», cuxo modelo será aprobado polo Instituto Social da Mariña.

2. As historias clínico-laborais quedarán arquivadas, en condicións que garantan o seu correcto mante-

mento e seguranza, cunha duración de, polo menos, quince anos, salvo que a normativa de prevención de riscos profesionais estableza un prazo maior fronte a determinadas exposicións. O seu arquivo e custodia están suxeitos ao réxime legal específico de protección da intimidade e do segredo profesional que teñen recoñecidos os datos sanitarios.

3. Os datos contidos nas historias clínico-laborais incorporaranse a un ficheiro informático cuxa utilización estará restrinxida ao persoal adscrito aos centros de sanidade marítima do Instituto Social da Mariña obrigado a segredo profesional. O persoal sanitario do centro radio-médico español, dos buques sanitarios do Instituto Social da Mariña e dos centros asistenciais do citado organismo tamén terá acceso a ese ficheiro.

4. A utilización das citadas historias clínico-laborais para investigación científica e estudos epidemiolóxicos farase con pleno respecto á confidencialidade dos datos e de forma despersonalizada.

5. En todo caso, as actuacións previstas neste artigo realizaranse de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

#### Artigo 10. *Recursos.*

1. En caso de discrepancia co grao de aptitude resultante do seu recoñecemento médico de embarque marítimo, o interesado poderá interpor recurso de alzada ante a Dirección Xeral ou Dirección Provincial do Instituto Social da Mariña, de acordo co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao cal poderá xuntar os elementos de proba que considere pertinentes. O prazo para presentar este recurso será dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que se notificou o ditame de aptitude, de acordo co disposto na mencionada lei.

Se o recurso se presenta ante a dirección provincial, esta remitirá o expediente, acompañado do informe motivado do médico recoñecedor, aos servizos centrais do Instituto Social da Mariña, adoptando as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información sanitaria que conteña.

2. Será competente para resolver o director xeral do Instituto Social da Mariña, logo de informe motivado de comisión de facultativos de sanidade marítima do Instituto Social de Mariña designados para o efecto. Os facultativos integrantes da mencionada comisión poderán solicitar todos os informes que lles sexan necesarios para mellor prover, e ningún deles será vinculante.

A resolución expresa, ou a desestimación por silencio administrativo transcorrido o prazo de tres meses desde a interposición do recurso, porá fin á vía administrativa e procederá, se é o caso, a interposición do recurso contencioso-administrativo no prazo de dous ou seis meses, respectivamente, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. Cando, por resolución administrativa ou sentenza xudicial, o interesado reciba unha cualificación de aptitude diferente á inicialmente declarada polo médico recoñecedor, deberase reflectir nun certificado médico de aptitude para embarque e, se é o caso, na cartilla de actividades subacuáticas tal cualificación, facendo constar ademais «por resolución do Instituto Social da Mariña do ...», ou ben «por sentenza xudicial do. . .»

4. O criterio exposto no número anterior non obsta para que, nun recoñecemento médico de embarque posterior, o médico recoñecedor poida, con liberdade de criterio clínico, emitir unha cualificación de aptitude distinta á recollida na citada resolución ou sentenza.

### CAPÍTULO III

#### Organización administrativa

##### Artigo 11. *Centros de sanidade marítima.*

1. O Instituto Social da Mariña establecerá un número suficiente de centros de sanidade marítima, dotados, polo menos, dun médico, dun diplomado universitario en enfermaría ou axudante técnico sanitario e dun auxiliar de clínica. Así mesmo, poderán contar co persoal administrativo que se precise, de forma que os recoñecementos médicos de embarque marítimo se realicen coa maior axilidade, calidade e accesibilidade posibles.

2. O Instituto Social da Mariña establecerá medidas de control de calidade do servizo ofrecido polos centros de sanidade marítima en aplicación deste real decreto e dos compromisos adquiridos na carta de servizos do Instituto Social da Mariña.

3. A listaxe de centros de sanidade marítima terá carácter público e actualizarse periodicamente.

4. No exercicio dos seus labores, o persoal destinado nos centros de sanidade marítima estará suxeito á obriga de segredo profesional e ao debido respecto á dignidade e aos dereitos da persoa, segundo establece a lexislación vixente e os códigos deontolóxicos aplicables.

5. O Instituto Social da Mariña adoptará un programa de formación continuada co obxecto de actualizar os coñecementos, habilidades e aptitudes dos profesionais adscritos aos centros de sanidade marítima.

### CAPÍTULO IV

#### Colaboración

##### Artigo 12. *Notificación de enfermidades.*

Os médicos recoñecedores notificaránlles as enfermidades de declaración obrigatoria ás autoridades sanitarias competentes da rede nacional de vixilancia epidemiolóxica, segundo a listaxe vixente na comunidade autónoma onde se realice o recoñecemento médico.

Ante a sospeita de padecemento dunha enfermidade profesional, o médico recoñecedor efectuará a comunicación nos termos previstos no artigo 5 do Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.

Disposición adicional primeira. *Valoración-revisión de incapacidade permanente.*

Nos procedementos de valoración-revisión de incapacidades permanentes do sistema da Seguridade Social de traballadores do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, un médico de sanidade marítima, designado polo Instituto Social da Mariña, formará parte como membro do equipo de valo-

ración de incapacidades naquelas provincias onde este organismo se encuentre implantado. No resto de situacións, a intervención deste facultativo consistirá na emisión dun informe médico motivado.

Disposición adicional segunda. *Actualización dos criterios para a valoración da aptitude para o embarque.*

A actualización do anexo II deste real decreto realizárase por resolución da Dirección Xeral do Instituto Social da Mariña en función da evolución dos coñecementos técnicos e científicos.

Disposición adicional terceira. *Listaxe de perfís psicofísicos.*

Para facilitar a determinación da aptitude do solicitante por parte dos médicos recoñecedores, o Instituto Social da Mariña elaborará unha «Listaxe de perfís psicofísicos de postos de traballo a bordo», que será actualizada periodicamente tendo en conta os instrumentos internacionais que conteñan disposicións sobre a competencia profesional dos mariños.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, no ámbito das súas competencias, para ditar as normas de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## ANEXO I

### Recoñecementos médicos de embarque. Exploracións

1. O recoñecemento médico de embarque inicial incluírá, como mínimo:

- Exploración física.
- Exame de visión (agudeza visual e visión cromática).
- Exame otoloxico (otoscopia e audiometría).
- Electrocardiograma en repouso.
- Espirometría.

Analítica: hemograma completo, bioquímica sanguínea (glicosa basal, colesterol total, HDL-colesterol, triglicéridos, enzimas hepáticas GOT-GPT-GGT, creatinina, ácido úrico) e sistemático de urina.

2. O recoñecemento médico de embarque periódico incluírá, como mínimo:

Exploración física.

Analítica (hemograma completo, bioquímica sanguínea e sistemático de urina).

O resto de exploracións ateranse aos protocolos que determine o Instituto Social da Mariña para tal efecto, en función da normativa e recomendacións actuais en materia de vixilancia da saúde das comunidades científicas.

## ANEXO II

### Criterios para valorar a aptitude para o embarque

1. Criterios xerais:

Para determinar a aptitude para o traballo no mar, no caso de persoas con problemas médicos, o examinador deberá tomar en consideración e avaliar as seguintes cuestións:

a) A posibilidade de que a persoa recoñecida padeza unha enfermidade que poida agravarse co traballo a bordo.

b) A gravidade da continxencia e o perigo que o problema médico poida representar para o paciente e outras persoas a bordo, a seguranza do buque ou o ambiente.

c) O tempo crítico necesario para ser tratado ou ter acceso a unha asistencia médica apropiada en terra.

Neste sentido, o médico recoñecedor deberá considerar os seguintes aspectos médicos: presenza de síntomas e/ou signos, posibilidades de tratamento e/ou seguimento, evolución clínica, efectos rehabilitadores da actividade laboral sobre o proceso e informes do especialista correspondente.

Ademais, valorará as circunstancias propias do posto de traballo, do tipo de actividade, do tipo de navegación e adaptación previa ao posto de traballo.

Así mesmo, o médico recoñecedor deberá diferenciar entre o recoñecemento da persoa que busca emprego por primeira vez no mar e o da persoa que xa tivo contacto laboral co sector marítimo-pesqueiro, tendo en conta no primeiro caso que as condicións psicofísicas do traballador sexan as axeitadas para a incorporación ao mundo profesional marítimo.

2. Procesos de especial consideración:

2.1 Certas enfermidades infecciosas e parasitarias.

Aquelas persoas que padezan procesos agudos ou crónicos clasificables dentro deste punto deberán ser avaliadas en función de: presenza de síntomas e/ou signos, risco de contaxiosidade, localización e grao de afectación, virulencia do axente causal e posibles efectos secundarios do tratamento e informe do especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.1.1 Tuberculose: historia de tuberculose activa en calquera forma, grao e localización non tratada. Terá a mesma consideración a tratada ata que se confirme a non contaxiosidade.

2.1.2 Hepatites agudas. Hepatites crónicas con funcionalidade hepática comprometida.

2.1.3 Síndrome de inmunodeficiencia adquirida (SIDA): aquelas persoas con cargas virais superiores a 100.000 copias, taxas de linfocitos CD4 inferiores a 200 ou mala tolerancia ao tratamento.

## 2.2 Neoplasias.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, actividade, estado clínico, localización, posibilidades de cumprimento terapéutico e/ou seguimento, remisión clínica, posibilidades de recorrencia e informe do especialista.

2.3 Enfermidades do sangue e dos órganos hematopoiéticos.

Os procesos agudos e crónicos valoraranse en función dos seguintes parámetros: presenza de síntomas e/ou signos, resposta ao tratamento, posibilidades de cumprimento terapéutico, datos analíticos e informe do especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.3.1 Cifras de hemoglobina en sangue inferiores a 8 g/100 ml en mulleres ou 9 g/100 ml en homes.

2.3.2 Cifras de leucocitos en sangue inferiores a 3.000 leucocitos/mm<sup>3</sup> sen alteracións da fórmula leucocitaria.

2.3.3 Con cifras de plaquetas en sangue inferiores a 80.000 plaquetas/mm<sup>3</sup> en ausencia de agregados plaquetarios.

2.3.4 Actividade de protrombina inferior ao 45% en ausencia de tratamento con anticoagulantes.

2.4 Enfermidades endócrinas, nutricionais e metabólicas.

Para os efectos de valorar a aptitude deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, datos analíticos, posibilidades de cumprimento terapéutico e/ou seguimento, probabilidade de aparición de cadros graves a bordo e informe de especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.4.1 Diabete mellitus. Excepcionalmente, poderán ser aptos con restricións aqueles pacientes con informe favorable do especialista, control metabólico axeitado, ausencia de complicacións secundarias limitantes, coñecemento diabetolóxico por parte do traballador e posibilidade de levar unha terapéutica adecuada a bordo. Todo isto, cando o tipo de actividade permita manter uns ritmos adecuados de sono-vixilia e inxestas, e axustar a dose terapéutica ao exercicio.

2.4.2 Obesidade. Naqueles casos en que exista limitación da capacidade funcional en relación co posto de traballo.

2.4.3 Patoloxía de tiroide, paratiroide ou adrenocorticais. Aqueles pacientes con sintomatoloxía que impida o normal desempeño das súas funcións a bordo ou presenten control analítico inadecuado a pesar do tratamento.

## 2.5 Trastornos mentais e do comportamento.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, capacidade do individuo para levar a cabo unha vida autónoma, repercusión do trastorno na súa actividade laboral e normal convivencia a bordo, posibilidades de cumprimento terapéutico e/ou seguimento, probabilidade de aparición de cadros graves a bordo e informe do especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.5.1 Atraso mental con coeficiente intelectual inferior a 70, avaliadas por especialista.

2.5.2 Trastornos por consumo de substancias psicoactivas (abuso, dependencia e trastornos inducidos). Excepcionalmente, poderán ser aptos con restricións aqueles pacientes que acheguen informe favorable do especialista tras un período demostrado de abstinencia e non presenten secuelas irreversibles que supoñan un risco, a teor do previsto no artigo 1.1, parágrafo segundo.

No caso de dependencia a opiáceos, poderán ser aptos con restricións aqueles traballadores con tratamentos substitutivos sempre que se achegue informe en que se especifique o cumprimento dese tratamento.

2.5.3 Esquizofrenia e outros trastornos psicóticos en persoas que acceden por primeira vez ao ámbito laboral marítimo. Excepcionalmente, poderán ser aptos con restricións aqueles pacientes con informe favorable do especialista, ausencia de sintomatoloxía e reagudizacións nos últimos doce meses, adherencia ao tratamento que non implique efectos secundarios que interfiran na súa capacidade laboral a bordo e posibilidade de seguimento.

2.5.4 Trastornos afectivos e do estado de ánimo que comporten risco para a propia seguraza ou a de terceiros.

2.5.5 Trastornos da personalidade ou da conduta que se manifesten en condutas antisociais con risco para a seguraza de terceiros.

2.5.6 Trastornos do sono de orixe non respiratoria. Narcolepsias ou trastornos de hipersomnias de orixe non respiratoria, primarias ou secundarias (a outro trastorno mental, a outra enfermidade ou inducidas por substancias).

## 2.6 Enfermidades do sistema nervioso.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, probabilidade de aparición de cadros graves a bordo, terapéutica que implique restricións ou limitacións para o normal desempeño das súas actividades e informe do especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.6.1 Enfermidades encefálicas, medulares e do sistema nervioso periférico que produzan perda ou diminución das funcións motoras, sensoriais ou de coordinación, episodios sincopais, tremores ou espasmos que incidan na capacidade laboral.

2.6.2 Epilepsia. Excepcionalmente, poderán ser considerados aptos con restricións aqueles pacientes con cadros de bo pronóstico que non presentaron crises nos últimos dous anos, con informe favorable do especialista. Para o caso de persoal de ponte, ese período ampliarase a cinco anos.

2.6.3 Crises convulsivas primarias ou secundarias debidas ao consumo de medicamentos, drogas ou psicirúxicas nos últimos seis meses. Excepcionalmente, poderán ser consideradas aptas aquelas persoas que presenten informe favorable do especialista.

2.6.4 Alteracións do equilibrio. Cadros de vertixe, inestabilidade ou mareo refractarios ao tratamento.

## 2.7 Enfermidades do ollo e os seus anexos.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, terapéutica que implique restricións ou limitacións para o normal desempeño das súas actividades.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

### 2.7.1 Diminución da agudeza visual de lonxe:

Para o persoal de ponte ou que realice funcións de vixía, cando sexa inferior, con ou sen corrección, a 0,7 e 0,5 no ollo con mellor e peor agudeza, respectivamente.

Para o resto de postos de traballo, cando sexa inferior, con ou sen corrección, a 0,5 en visión binocular ou a 0,6 en visión monocular e menos de tres meses de antigüidade.

2.7.2 Alteracións do campo visual. Para o persoal de ponte ou que realiza funcións de vixía non se admiten reducións horizontais por debaixo de 60 graos no lado temporal e de 35 graos no lado nasal. Non se admiten escotomas nin hemianopsias.

2.7.3 Alteracións da visión cromática que afectan o eixe vermello-verde para persoal de ponte ou que realiza funcións de vixía e que accede por primeira vez ao ámbito laboral marítimo. Excepcionalmente, poderán ser aptas, restrinxidas exclusivamente a manobras de navegación diúrna, aquelas persoas que, presentando protanomalias ou deuteranomalias, estean adaptadas á navegación.

2.7.4 Alteracións da motilidade palpebral. Ptoques nin lagoftalmias que afecten a visión nos límites sinalados en canto a agudeza e campo visuais.

2.7.5 Alteracións da motilidade ocular. Para o persoal de ponte ou que realiza funcións de vixía non se admiten:

#### Diplopía.

Nistagmo que impida alcanzar a capacidade visual detallada nos puntos anteriores, sexa secundario a outras patoloxías ou que, a criterio facultativo, produza fatiga visual.

Estrabismo. Excepcionalmente, admitirase cando non impida alcanzar a capacidade visual detallada nos puntos anteriores e presente informe do especialista en que, por unha parte, se descarte presenza de forias, fatiga visual e diplopía, e, por outra, se detalle o grao de estereopse e a evolución do proceso.

### 2.8 Enfermidades do oído.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, prognóstico, posibilidades de tratamento a bordo, factores de risco e/ou complicacións asociadas, probas audiométricas complementarias e informe do especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.8.1 Otites medias e outras patoloxías de evolución crónica refractarias a tratamento médico.

2.8.2 Vertixes crónicas de causa labiríntica. Vertixes agudas ata a súa resolución.

2.8.3 Antecedentes cirúrxicos de estapedectomía por otosclerose nos que acceden por primeira vez ao ámbito laboral marítimo e, polas condicións do posto de traballo, vaian estar expostos a ambientes ruidosos.

#### 2.8.4 Hipoacusias:

Aquelas persoas que, accedendo por primeira vez ao ámbito laboral marítimo, presenten algunha das seguintes circunstancias:

a) Perda auditiva binaural superior ao 20% segundo a Academia Americana de Otorrinolaringoloxía (A.A.O.O.).

b) Perda media superior a 30 dB no oído mellor para as frecuencias conversacionais de 500, 1.000 e

2.000 Hz, grao C ou superior do índice SAL (Speech Average Loss).

c) Escotoma superior a 55 dB en 3.000 ou 4.000 Hz non superando o limiar de 25 dB nalgunha das frecuencias de 500, 1.000 ou 2.000 Hz.

d) Escotoma inferior a 55 dB en 3.000 ou 4.000 Hz e unha ou máis frecuencias de 500, 1.000 e 2.000 Hz con limiar superior a 25 dB.

Aqueles traballadores que ao longo da súa vida profesional presenten máis dunha caída significativa do limiar (CSU) ou esta sexa maior de 20 dB en relación coa audiometría basal, unha vez que sexan esgotadas todas as posibles medidas previstas para eliminar ou reducir o ruído no ambiente laboral. En todo caso, non serán aptas aquelas persoas que presenten perdas acústicas que lles impidan oír sinais acústicos de alarma ou outros sons.

### 2.9 Enfermidades do sistema circulatorio.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: antecedentes familiares de cardiopatía ou morte súbita, presenza de síntomas e/ou signos, capacidade funcional, localización, prognóstico, presenza de alteracións electrocardiográficas e/ou ecocardiográficas que suxiran patoloxía cardíaca grave aínda en ausencia de sintomatoloxía, posibilidades de tratamento a bordo, risco de aparición de cadros graves a bordo, factores de risco e/ou complicacións asociadas, terapéutica que implique restricións ou limitacións para o normal desempeño das súas actividades e informe do especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

#### 2.9.1 Patoloxía cardíaca:

2.9.1.1 Cardiopatía isquémica. Aqueles casos en que se dea algunha das seguintes condicións:

Proba de esforzo clínica e/ou electricamente positiva.

Capacidade funcional menor de 7 MET en traballos que requiran esforzos intensos e menor de 5 MET en traballos que precisen esforzos medios.

Fracción de execución inferior ao 50% en traballos que requiran esforzos intensos e menor ao 40% en traballos que precisen esforzos medios.

Presenza de arritmias graves fóra da fase aguda.

2.9.1.2 Valvulopatía. Aqueles casos en que se dea algunha das seguintes condicións:

Sintomatoloxía a medianos esforzos.

Dilatación moderada do ventrículo esquerdo e/ou fracción de execución inferior ao 50%.

A presenza de próteses que precisen tratamento anticoagulante. Excepcionalmente, poderán ser aptos con restricións aqueles casos con informe favorable do especialista e que cumpran o establecido no punto 2.9.3 deste anexo.

2.9.1.3 Arritmia. Aquelas alteracións do ritmo cardíaco ou da condución con alta probabilidade de aparición de síncope, cursen con alteración da capacidade funcional incompatible coas funcións propias do posto de traballo, sexan refractarias ao tratamento ou precisen a implantación dun marcapasos.

Excepcionalmente, poderán ser aptos con restricións, transcorridos tres meses desde a súa implantación, aqueles portadores de marcapasos bipolares, con informe favorable do especialista sempre que non existan outros problemas excluíntes asociados e non interfi-

ran cos sistemas de navegación ou comunicación, non presenten taquiarritmias no holter de 24 horas e non exista dependencia total do marcapasos. En ningún caso se admitirán os desfibriladores implantables (DAI).

2.9.1.4 Miocardiopatía dilatada e restritiva primaria.

2.9.1.5 Miocardiopatía hipertrófica asintomática con risco de arritmia maligna (historia familiar de morte súbita, taquicardias ventriculares no holter ou descenso da presión na ergometría).

2.9.1.6 Insuficiencia cardíaca en presenza de:

Signos de descompensación ou síncope.

Clase funcional II segundo clasificación da capacidade funcional dos pacientes cardiovasculares da Asociación do Corazón de Nova York (NYHA).

Fracción de exacción inferior ao 50%.

2.9.1.7 Hipertensión arterial esencial con importante repercusión orgánica ou hipertensión secundaria ata a estabilización do proceso causal.

2.9.2 Patoloxía vascular:

2.9.2.1 Patoloxía arterial: aquela en que as secuelas supoñan unha limitación da capacidade funcional para o normal desempeño das tarefas a bordo ou risco de recorrencia.

Aneurismas e arteriopatías estenosantes ou obstrutivas non resoltos de forma eficaz mediante tratamento médico ou cirúrxico.

2.9.2.2 Patoloxía venosa: varicorraxias, úlceras varicosas, trombose venosa profunda e flebite ata a súa resolución mediante tratamento.

2.9.3 Tratamento anticoagulante. Excepcionalmente, serán aptos con restricións aqueles pacientes estabilizados que presenten, como mínimo, tres controis recentes de INR (Ratio Internacional Normalizada) e o tipo de actividade que vaian desenvolver teña baixo risco de traumatismos. Será imprescindible que quede garantida a posibilidade de levar a cabo os controis de INR pautados polo especialista. En todo caso, o tipo de navegación en presenza dun cadro grave a bordo non deberá supor un compromiso vital.

2.10 Enfermidades do sistema respiratorio.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, en especial o grao de dispnea segundo os graos funcionais da NYHA (Asociación do Corazón de Nova York), valores espirométricos e/ou terapéutica que impliquen restricións ou limitacións para o normal desempeño das súas actividades e informe do especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.10.1 Trastornos pulmonares, pleurais, diafragmáticos ou mediastínicos que determinen, polo menos, unha das seguintes condicións:

FEV1 ou FVC inferiores ao 59% do valor de referencia.

Dispnea grao 2 segundo os graos funcionais da NYHA.

2.10.2 Síndrome de apnea obstrutiva do sono (SAOS). Excepcionalmente, poderán ser aptos con informe favorable dunha unidade do sono, no que se faga constar que está sendo sometido a tratamento e control da sintomatoloxía.

2.10.3 Alteracións otorrinolaringolóxicas que, pola súa gravidade, recorrencias, complicacións ou secuelas,

determinen unha dispnea de grao 2 segundo os graos funcionais da NYHA ou unha disfunción fonadora caracterizada por unha fala inaudible ou incomprendible.

2.11 Enfermidades do sistema dixestivo.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, probas analíticas, prognóstico, recorrencia, posibilidade terapéutica e dietética a bordo, dificultade na inxesta e absorción dos alimentos, e informe do especialista.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.11.1 Trastornos ou deformidades dos labios, lingua, maxilares, dentes ou outros anexos da boca que dificulten a axeitada fonación, mastigación ou deglución. Serán admitidas as próteses correctoras que permitan esas funcións.

2.11.2 Trastornos do esófago ou estómago, agudos ou crónicos, con alteracións analíticas que indiquen risco de complicacións, mala evolución ou inadecuada resposta ao tratamento.

2.11.3 Enterite e colite crónica de mala evolución ou inadecuada resposta ao tratamento.

2.11.4 Hernias e eventracións ata a súa solución cirúrxica. Excepcionalmente, poderán ser aptos cando sexan indolores e redutibles con informe favorable do especialista.

2.11.5 Trastornos hepáticos e de vías biliares agudos ou crónicos que alteren o funcionalismo hepático e/ou hemostase.

2.11.6 Pancreatite aguda, pancreatite crónica ou quistes pancreáticos con alteración do funcionalismo pancreático ou con repercusións metabólicas xerais.

2.11.7 Patoloxía de recto e ano, crónica ou recorrente, que interfira co normal desenvolvemento da súa actividade.

2.12 Enfermidades da pel e do tecido subcutáneo.

Para os efectos de valorar a aptitude deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, deficiencias anatómicas ou funcionais, grao de discapacidade, extensión e profundidade da lesión, forma de presentación, localización, afectación doutros órganos, prognóstico, recorrencia, posibilidade terapéutica e de control, compatibilidade con produtos manipulados e roupas de traballo, influencia das condicións climáticas, posibilidade de contaxio a terceiros e informe do especialista.

2.13 Enfermidades do sistema osteomuscular e do tecido conxuntivo.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: presenza de síntomas e/ou signos, prognóstico, recorrencia, repercusión funcional no desempeño das súas funcións, adaptación previa ao posto de traballo, compatibilidade con roupas de traballo e equipos de protección, posibilidade de tratamento a bordo e informe do especialista.

Dentro deste punto, consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen coas seguintes patoloxías, en especial cando accedan por primeira vez ao sector laboral marítimo:

2.13.1 Secuelas traumáticas que impliquen alteración neurolóxica, anquilose, rixideces, deformacións ou mutilacións.

2.13.2 Cifoses ou escolioses conxénitas ou adquiridas que ocasionen sintomatoloxía acusada.

2.13.3 Artropatías dexenerativas, reumáticas, por depósito ou inflamatorias, refractarias ao tratamento,



que cursen con afectación muscular, ligamentosa ou neurolóxica, con secuelas de anquilose, rixideces, deformacións ou outras complicacións.

2.13.4 Patoloxías que cursen con:

Perda de forza ou ton muscular en extremidades.

Perda da capacidade de aprehensión ou da capacidade de pinza nunha ou nas dúas mans.

2.13.5 Próteses articulares. Excepcionalmente, admitiranse con restricións aquelas en que, en función das condicións de traballo, non se vexa comprometida a vida media da prótese.

2.13.6 Hernias discais con compromiso neurolóxico.

2.13.7 Outras lesións óseas, ligamentosas, tendinosas, cartilaxinosas conxénitas ou adquiridas que ocasionen sintomatoloxía acusada.

2.14 Enfermidades do sistema xenitourinario.

Para os efectos de valorar a aptitude, deberanse ter sempre en conta os seguintes criterios: sintomatoloxía, prognóstico, recorrencia, probas analíticas, posibilidade de tratamento a bordo e seguimento.

Dentro deste punto consideraranse non aptas aquelas persoas que cursen con:

2.14.1 Insuficiencia renal crónica con cifras de creatinemia superiores a 2,5 mg/dl e/ou aclaramento de creatinina inferior a 50 ml/mn con signos e síntomas asociados ou aparición de complicacións.

2.14.2 Litíase pieloureteral con cólicos recorrentes, asociada a insuficiencia renal ou ril único.

2.14.3 Ril único con grao de insuficiencia renal similar ao recollido no punto 2.14.1.

2.14.4 Varicocele ou hidrocele manifesta ou sintomática.

2.15 Embarazo.

Poderán ser aptas con restricións as traballadoras con informe favorable do especialista, posibilidade do adecuado seguimento do embarazo, ausencia de exposición a riscos físicos, químicos ou biolóxicos, cando non sexa incompatible co desempeño das tarefas habituais. En todo caso, a data de caducidade do recoñecemento será anterior ás 14 semanas previas á data probable de parto.

2.16 Malformacións conxénitas, deformidades e anomalías cromosómicas.

Serán considerados non aptos para embarque os que presenten anomalías conxénitas, de calquera tipo e localización, que poidan ser incompatibles co axeitado desenvolvemento do traballo a bordo.


**ANEXO III****CERTIFICADO MÉDICO DE APTITUDE PARA EMBARQUE**  
*MEDICAL EXAMINATION FOR SEA-SERVICE*

Como resultado do recoñecemento médico de embarque,  
D/D.<sup>a</sup> ....., con DNI / NIE / Pasaporte....., foi  
declarado (*the holder of this Seamens Book has passed his/her Medical Examination for  
sea-service with the result as follows*).

- Apto (*fit for sea-service*)
- Apto con restricións (*partially fit for sea-service*)  
.....
- Non apto (*Unfit for sea-service*)

A vixencia deste recoñecemento caduca o día ..... de ..... de ..... (*The validity of  
this certificate expire the next*).

....., ..... de..... de.....



Selo do centro                      Sinatura do médico                      N° rexistro  
(*Medical Center stamp*)    (*Approved Doctor's signature*)    (*Registration n.º*)

**(Modelo de certificado médico para o tripulante, anverso)**

## **CONFORMIDADE CON CONVENIOS INTERNACIONAIS** *(Compliance with international Treaties)*

Estes recoñecementos médicos practícanse de conformidade co establecido nos Convenios 16, 73, 113 e 147 da Organización Internacional do Traballo, así como no Convenio Internacional da OMI sobre Normas de formación, titulación e garda para a xente de mar e a Directiva 1999/63/CE, do 21 de xuño de 1999, relativa ao Acordo sobre a ordenación do tempo de traballo da xente de mar (cláusula 13ª).

*These medical examinations are in compliance with the relevant provisions of the ILO Conventions n.º 16, 73, 113 and 147 as well as the IMO International Convention on Standards of Training, Certification and Watchkeeping for Seafarers (STCW) and the U.C. Directive 1999/63/EC, June 21th 1999, on the European Agreement on Working Time for Seafarers (section 13.).*

### **RECURSOS**

En caso de desconformidade co grao de aptitude declarado tras o seu recoñecemento médico de embarque marítimo, vostede poderá formular recurso de alzada no prazo dun mes ante a Dirección Provincial do Instituto Social da Mariña, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao que poderá xuntar informes de ata dous facultativos. A resolución expresa, ou desestimación por silencio administrativo transcorrido o prazo de tres meses desde a interposición do recurso, pon fin á vía administrativa, e vostede poderá recorrer contra ela ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous ou seis meses, respectivamente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **DEREITO DE ACCESO AOS DATOS**

Os datos persoais do seu recoñecemento médico pasarán a formar parte dun ficheiro informatizado cuxa titularidade corresponde ao Instituto Social da Mariña.

Conforme a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral do ISM e/ou direccións provinciais do ISM.

**(Modelo de certificado médico, reverso)**